



CIRCULAR INFORMATIVA 5/2018

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO

1. CUSTAS EN PROCEDIMENTOS DE CONTÍA INDETERMINADA: ACTUALIZACIÓN DO IPC Á CANTIDADE RESULTANTE DA ESCALA TIPO

A Lei de axuizamento civil, no seu artigo 394.3, establece que as pretensións inestimables serán valoradas en 18.000 euros (contía indeterminada: 18.000 €).

Nas taxacións de custas con contía indeterminada, ao aplicar a escala tipo sobre 18.000 euros, a cantidade resultante non pode ser actualizada co IPC. No caso dos Criterios vixentes deste colexio, os ditos importes non se actualizan dende 2009.

Exemplo: 18.000 € (escala tipo ao 100 %) = 2.325 €

A Xunta de Goberno, na sesión do 19.03.2018, tomou o acordo de que as cantidades resultantes de aplicar a escala tipo aos 18.000 euros (proc. de contía indeterminada) poderán ser actualizadas co IPC correspondente dende 2009.

Exemplo: 18.000 € (escala tipo ao 100 %) = 2.325 € (+ IPC 11,2 %) = 2.585,40 €

Este acordo será aplicable os procedementos de contía indeterminada **que se inicien** a partir do 20.03.2018.

2. REGULAMENTO DE COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS, SUBCOMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO DO ICA DE SANTIAGO

A Xunta de Goberno, na sesión do 19.03.2018, aprobou o texto que regulará a composición e o funcionamento das comisións, subcomisións e grupos de traballo deste colexio de avogados.

Achégase o texto do regulamento (PDF).

Ao abeiro do dito regulamento, quedan constituídas as dúas primeiras comisións:

1. Comisión de estudo en materia de cláusulas chan
2. Comisión de estudo do seguro de responsabilidade civil

Ambas as comisións serán convocadas para unha reunión inicial na primeira semana de abril.

Así mesmo, a Xunta de Goberno tamén acordou crear unha **comisión de participación colexial**. Nunha próxima circular comunicárase o prazo para solicitar a incorporación a esta comisión.



**CIRCULAR INFORMATIVA 5/2018****3. DESPACHOS PARA USO DE COLEXIADOS NAS DEPENDENCIAS DA SEDE PRINCIPAL**

A Xunta de Goberno, na sesión do 19.03.2018, tamén acordou pedir orzamentos para adaptar a actual aula de formación e convertela en dous ou tres despachos que poidan ser utilizados polos colexiados para entrevistas cos clientes ou con outros letrados.